



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

## B A N D O

**M. INÉS MONTEAGUDO ROMERO**, como alcaldesa-presidenta do Concello de Muros, en base ás atribucións que me confire a lei **FAGO SABER**:

Que no Decreto 31/2021 da Presidencia da Xunta de Galicia e na Orde do 25 de febreiro da Consellería de Sanidade, á vista do indicado nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública e ás recomendacións do comité clínico, adóptanse as seguintes medidas, que terán efectos dende as 00.00 h do día 26 de febreiro de 2021:

**-Mobilidade:** Mantéñense as restricións en canto á **mobilidade de entrada e saída da Comunidade Autónoma**, a mobilidade entre concellos estará permitida atendendo á situación epidemiolóxica (ver anexo), limitación de grupos a 4 persoas, e **liberdade de circulación** (limitada entre as 22.00 h e as 6.00 h), coas excepcións contempladas na norma.

**-Comercio retalista e actividades de servizos profesionais abertos ao público**, que non formen parte de centros ou parques comerciais, non poderán superar o 50% do aforo. O horario de peche establécese ás 21.30 h, agás que teñan fixado un horario inferior. Deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal e uso da máscara. Deberán prestar servizo preferente a maiores de 75 anos, debidamente sinalizado.

-Continuase coa celebración do **mercado semanal** co 50% dos postos.

**-Actividade deportiva e competicións federadas e adestramentos:** a práctica da actividade física e deportiva non federada poderá realizarse ao aire libre e no interior cun máximo de 4 persoas, máis o/a monitor/a, coa utilización de máscara. A actividade deportiva federada axustarase aos correspondentes protocolos Fisicovid-Dxtgalego aprobados. Reapertura das instalacións deportivas (**ximnasio, pavillóns, recintos deportivos, pista de pádel e piscina**) cunha ocupación máxima do 30%, cos vestiarios ou zonas de ducha ao 30% da capacidade máxima permitida, procedendo á limpeza, ventilación e desinfección despois de cada uso e ao final da xornada.

-Procédese á apertura dos **parques infantís cunha capacidade máxima de 1 persoa por cada 4 m<sup>2</sup> de superficie**.

**-Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais:** reapertura da sala exposicións de Sel, Casa da Cultura, bibliotecas municipais e aula CEMIT cos horarios habituais e 30% do aforo. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata catro persoas nas actividades de grupos, excluído o/a monitor/a.

**-Hostalaría e restauración:** apertura do interior cunha ocupación máxima do 30%, e do exterior cunha ocupación máxima do 50%. O horario de apertura ao público ata as 18.00 h, o servizo para recoller no establecemento (ata as 21.30 h) ou a entrega no domicilio (ata as 00.00 h). Seguir en todo caso as instrucións ditadas no Plan de hostalaría segura. Cada establecemento será responsable das capacidades máximas que declare, así como de controlar en todo momento que as porcentaxes máximas de uso sexan respectadas.

**-Velorios e enterros e lugares culto:** velorios e enterros con capacidade máximo de 5 persoas no interior agás conviventes e 15 persoas no exterior. A capacidade máxima dos lugares de culto deberán respectar as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención que sexan de aplicación ao lugar onde se celebre.

Muros, 26 de febreiro de 2021  
A alcaldesa

M. Inés Monteagudo Romero

## Anexo

Concellos entre os cales está permitida a mobilidade atendendo á súa similar situación epidemiolóxica:

1) Baralla, Guntín, Monforte de Lemos, Outeiro de Rei, A Pobra do Brollón, A Pontenova, Rábade, Sober, Bande, Beade, Celanova, A Merca, A Mezquita, Punxín, Sandiás, Taboadela, Viana do Bolo, Vereia, Xunqueira de Espadanedo, Arzúa, Dodro, Frades, Ordes, Rois, Tordoia, Moaña, Oia, Redondela.

2) Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castrolverde, Cervantes, Cerro, Chantada, Cospeito, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, O Incio, Lánacara, Lourenzán, Lugo, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Orol, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Portomarín, Quiroga, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Viveiro, Xermade, Xove, Allariz, Amoeiro, A Arnoia, Avión, Baltar, Baños de Molgas, Barbadás, O Barco de Valdeorras, Beariz, Os Blancos, Boborás, A Bola, O Bolo, Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Carballeda de Valdeorras, O Carballiño, Cartelle, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castro Caldelas, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Coles, Cortegada, Cualedro, Entrimo, Esgos, O Irixe, Larouco, Laza, Leiro, Lobeira, Lobios, Maceda, Manzaneda, Maside, Melón, Montederramo, Monterrei, Muíños, Nogueira de Ramuín, Oímbra, Ourense, Paderne de Allariz, Padrenda, Parada de Sil, O Pereiro de Aguiar, Petín, Piñor, A Pobra de Trives, Pontedevea, Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Ribadavia, Riós, A Rúa, Rubiá, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sarreaus, A Teixeira, Toén, Trasmiras, A Veiga, Verín, Vilamarín, Vilamartín de Valdeorras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós, Vilariño de Conso, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía, Ames, A Baña, Boimorto, Boiro, Boqueixón, Brión, Carnota, Lousame, Mazaricos, Melide, Mesía, Muros, Negreira, Noia, Oroso, Outes, Padrón, O Pino, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra, Agolada, Dozón, A Estrada, Lalín, Pontecesures, Rodeiro, Silleda, Valga, Vila de Cruces, Arbo, Baiona, Cangas, A Cañiza, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, As Neves, Nigrán, Pazos de Borbén, Pontearreas, O Porriño, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, Tui, Vigo.